



Aspectos Básicos

1. O Compás




Recordar a **frecha de dirección**, **agulla magnética** e a **frecha de norte**. A frecha de dirección indícanos o camiño a seguir a condición de que a agulla magnética e a frecha de norte estean igualadas, é dicir, superpostas.


2. O Mapa





- A **escala** indícanos a redución do mapa con respecto á realidade
- A **lenda** indica o significado de cada un dos símbolos e cores do mapa
- A **descrición** de controis indica a orde no que debemos buscar cada unha das balizas así como o lugar onde están situadas.
- A **liñas norte-sur**, indican a dirección norte sur do mapa, situando sempre o norte no sentido da lectura do plano. É dicir, se as palabras escritas no mapa están alrevés, o norte tamén está ó revés.


e. **As Cores:** Utilízanse para representar os accidentes do terreo, vexetación e os "accidentes" realizados polo home


 **BRANCO:** Zonas de Bosque

 **NEGRO:** Detalles artificiais: (feitos polo home) casas, caminos, Tendidos eléctricos, (ou non) pedras cortados, límites de vexetación

 **AZUL:** Todo o referido a auga: Estanques, acequias, ríos, fontes, encoros...

 **VERDE:** Todos os elementos vexetais: A intensidade amosa a dificultade no tránsito






















 **LARANXA:** Indicativo dos Claros e zonas de cultivo con ou sen vexetación.

 **MARRÓN:** Elementos do relevo: Curvas de nivel, cortados, surcos.

Para poder tomar un rumbo correcto hai que ter ben orientado o plano. Imos a iso.

1. Colocar o compás sobre as liñas norte-sur do mapa.
2. Facer coincidir frecha de norte e frecha de dirección con esta liñas.
3. Xirar sobre nos mesmos ata que a agulla magnética coincida coas outras frechas.
4. En resumo: facer coincidir aliñadas todas as frechas e liñas (as do compás e as do mapa)

SIMBOLOXÍA BÁSICA

	Estrada		Obxecto particular de auga. Pozo ou fonte
	Camiño grande, pista forestal		Regato franqueable
	Camiño pequeno		Canle de auga, acequia
	Senda grande		Charca, estanque
	Senda pequena		Rocha, elemento rochoso Grupo de pedras,terreno pedregoso
	Senda pouco visible		Burato, cova
	Muro, parede de pedra franqueable		Cortados, varios tamaños
	Muro o parede en ruínas		Terreo areoso, afloramiento rochoso
	Valado , cerca franqueable		
	Valado , cerca en ruínas		
	Valado infranqueable		
	Mata grande, matorral		
	Elemento específico da vexetación ou árbore singular. Tocón		

Enlaces interesantes, información e Videos no seguinte enderezo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cepsabaris/?q=node/402>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cepsabaris/?q=node/434>